

Cotas e acordos FEGADO para a TEMPADA 2026

(Aprobados na Asemblea Xeral Técnica de 22 de novembro e Asemblea Xeral de 13 de decembro de 2025)

1. LICENZAS DE TEMPADA E PROBA

Segundo prezos FEDO 2026 (<https://www.fedo.org/web/precios>)

2. LICENZAS DE TÉCNICOS/AS E XUÍZAS/XUÍCES

Segundo prezos FEDO 2026 (<https://www.fedo.org/web/precios>)

3. COTA DE CLUBS

Non é de aplicación en FEGADO

4. CANON DE PROBA

Non é de aplicación en FEGADO

5. SUBVENCÍONS A PROBAS OFICIAIS FEGADO 2026

Axuda FEGADO á organización de proba oficial MTBO 2026: **400 €** por proba.

Axuda FEGADO á organización de proba oficial TRAIL-O 2026: **400 €** por proba + **coste ambulancia**

Axuda FEGADO á organización de proba oficial REMUDAS 2026: solicitude de apoio

Proxectos de especial relevancia (PER) 2026: **400 €** por proba (**4** probas asignadas na Asemblea Xeral de **12 de decembro de 2025**).

Axudas á elaboración de mapas para a organización de probas oficiais 2026: **2.000 €** (total).

6. GASTOS XUÍZAS/XUÍCES

Correrán por conta do club organizador. Aplican á figura de Xuíza/ Xuíz Controlador/a e Xuíza/xuíz de cronometraxe cando son designados por FEGADO.

Acordos vixentes para a tempada 2026 (obriga de compensación de gastos por parte da organización aplicando a última actualización das cuantías e condicións máximas establecidas no convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a FEGADO para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da modalidade deportiva)

Desprazamentos: 0,26 €/km (dende domicilio a zona de competición)

Aloxamento e manutención:

Media manutención: **22,04 €**

Manutención completa: **44,09 €**

Aloxamento: **77,78 €**

Para a xustificación de gastos de aloxamento, peaxes e aparcadoiro será preciso presentar as facturas xustificativas do gasto cos seus correspondentes xustificantes de pagamento.

7. PRÉSTAMO DE MATERIAL

No ámbito autonómico. FEGADO dispón de material a disposición das organizacións de eventos oficiais e non oficiais en Galicia. Dende o 2023 (aprobación en Asemblea Xeral do 20 de maio de 2022) establécese o seguinte canon por aluguer de material.

PROBA	ORGANIZADOR	ESPECIALIDADE	COTA
Oficial FEGADO	Calquera	MTBO e TRAIL-O	0 €
		O-Pé, SRINT, US-ROGAINING e RAID	50 €
Non oficial FEGADO	Club FEGADO	Todas	100 €
	Non FEGADO	Todas	200 €

No ámbito estatal. FEGADO dispón de material a disposición das persoas organizadoras de eventos oficiais FEDO aplicando as cotas oficiais para a tempada 2026 [[consultar cotas aluguer FEDO](#)].

Obrigas para as organizacións. O material debe solicitarse á persoa responsable da FEGADO, que para esta tempada 2026 é Alfonso Mancera (alfonsomancera@gmail.com) tendo en conta as seguintes condicións:

- O material debe ser solicitado por correo electrónico na conta cunha antelación superior a dúas semanas respecto da data do evento. Débese especificar o material necesario (estacións e tarxetas SPORTident, reloxo, carpas, material publicitario, etc.).
- Debe devolverse o antes posible para poder ser empregado no seguinte evento.
- Debe devolverse no mesmo estado (limpo, seco, sen adhesivos nin pegamento e as estacións SPORTident coa programación orixinal).
- En caso de perda, subtracción ou rotura debe de comunicarse á persoa responsable da FEGADO.

As solicitudes de ALUGUER / COMPRA de material SPORTident ou licenzas de software tamén pode facerse directamente na FEDO (<https://www.fedo.org/web/precios>)

8. COTAS DE INSCRIPCION NAS PROBAS OFICIAIS FEGADO

O-PÉ e SPRINT

- Federados/as:
 - Categorias M/F-16 e inferiores: **2,0 €**.
 - Categorias M/F-18: **7,0 €**.
 - Categorias M/F-21 e superiores: **10,0 €**.
- Non Federados/as con licenza de proba (NOVO obxectivo de fomentar a participación):
 - Iniciación Curta: **2,0 € + prezo do seguro por persoa e día** ([consultar cotas oficiais LICENZAS DE PROBA FEDO](#)).
 - Iniciación Longa: **2,0 € + prezo do seguro por persoa e día** ([consultar cotas oficiais LICENZAS DE PROBA FEDO](#)).

MTBO

- Federados/as:
 - Categorias M/F-17 e inferiores: **2,0 €**.
 - Categorias M/F-20: **7,0 €**.
 - Categorias M/F-20 e superiores: **10,0 €**.
- Non Federados/as con licenza de proba (NOVO obxectivo de fomentar a participación):
 - Promoción (tódalas categorías habilitadas pola organización): **2,0 € + prezo do seguro por persoa e día** ([consultar cotas oficiais LICENZAS DE PROBA FEDO](#)).
 - Iniciación equipos: **2,0 € + prezo do seguro por persoa e día** ([consultar cotas oficiais LICENZAS DE PROBA FEDO](#)).

RAID DE ORIENTACIÓN

- Probas de 1 día

Terán unha cota máxima de **76,0 €** por equipo, máis o custo da licenza de 1 día por participante (en caso de non ter licenza anual), se se formaliza antes das 22:00 do martes da semana anterior á proba. A cota sube a **87,0 €** para as inscricións efectuadas a derradeira semana de prazo, isto es, de 22:00 h. do martes da semana anterior á proba, a 22:00 h. do martes da semana da proba.

- Probas de 2 días

Terán unha cota acorde coas necesidades da proba, segundo estipule a propia organización, e un custo na licenza de fin de semana por participante para esta tempada.

TRAIL-O

- Probas celebradas de forma independente no calendario (que non concorran no mesmo horario que un evento doutra especialidade):
 - Federados/as: **7,0 €**.
 - Non federados/as categoría de OPEN-INICIACIÓN: **2,0 € + prezo do seguro por persoa e día** ([consultar cotas oficiais LICENZAS DE PROBA FEDO](#)).
- Probas celebradas simultaneamente con eventos doutras especialidades
 - Federados/as: **3,5 €**.
 - Non federados/as categoría de OPEN-INICIACIÓN: **2,0 € + prezo do seguro por persoa e día** ([consultar cotas oficiais LICENZAS DE PROBA FEDO](#)).

ULTRA-SCORE ROGAINING

- Federados/as:
 - Federados/as: **NON ESTABLECIDO UN PREZO MÁXIMO**
- Non Federados/as con licenza de proba (NOVO obxectivo de fomentar a participación):
 - Non federados/as categoría de OPEN-INICIACIÓN: **2,0 € + prezo do seguro por persoa e día** ([consultar cotas oficiais LICENZAS DE PROBA FEDO](#)).

Recargas e outros conceptos aplicables a tódalas especialidades

- Licenza de proba ([consultar cotas oficiais LICENZAS DE PROBA FEDO](#)).
- Recarga por inscrición fóra de prazo: **+ 100%** da cota de inscrición correspondente.

- Reposición provisional de dorsal que será válido exclusivamente para o evento: **3,0 €** (recibe a organización que xestiona a impresión e personalización para ese único evento).
Pódese solicitar a FEDO un duplicado de dorsal por rotura ou perda no formulario, aboando a cantidade de **2,0 €**.
- Cambio de tarxeta S.I., a pagar pola persoa deportista:
 - Unha vez pechadas as inscricións: **2,0 €**.
 - O día da carreira: **5,0 €**.
- Aluger de tarxeta SPORTident: **3,0 € / proba** (e non por día) que ingresa FEGADO a maiores da COTA de PRÉSTAMO DE MATERIAL.